




Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN

GRUPO B (outubro – decembro 2012)




La mancha humana, de Philip Roth

Philip Roth lembra nesta novela a dobre moral da sociedade norteamericana con toda a complexidade do problema racial. Distintas caras dunha sociedade que ao aferrarse a valores como a raza, a relixión e a orientación sexual, na defensa do seu individualismo sobre todo na defensa dos seus mesquiños intereses, perde parte da liberdade conquistada.

A miña planta de laranxa-lima, de José Mauro de Vasconcelos

A obra máis emblemática de José Mauro de Vasconcelos, é una novela en gran parte autobiográfica sobre as vivencias de Zezé, un pequeno de cinco anos con soños de poeta entre a miseria e a incompreensión. Un relato social que retrata ao Brasil máis desfavorecido pero tamén un relato cheo de lirismo e sensibilidade. Publicado en 1968, vendeu máis de medio millón de exemplares en Brasil.



Nada, de Carmen Laforet

Unha historia de accións, de conflitos e confrontacións entre seres descentrados a través da visión dunha moza, Andrea, que parte á Barcelona da posguerra a iniciar unha nova vida como estudante universitaria e deixar atrás as ataduras que lle foran impostas na súa estadía no rural. Escrita en 1945, obtivo o Premio Nadal na súa primeira convocatoria.

Os vellos non deben de namorarse, de Castelao

A única obra dramática de Castelao, estreada en Bos Aires en 1941 e publicada en Vigo en 1953. O tema desta peza son os amores serodios: o vello que pretende unha moza e intenta obter os seus favores, recibindo como castigo a morte. Son tres lances ou farsas autónomas, coordinadas e relacionadas polo prólogo, temática, técnica e epílogo que reúne os tres protagonistas.

Información obtida en "Historia da literatura galega", editada por AS-PG; v.3; 784-785



El palacio de cristal, de Amitav Ghosh

Unha saga familiar que ocupa 110 anos de historia (desde 1885 ata 1996) e desenvólvese en Birmania, India e Malasia. Unha historia pragada de guerras, colonizacións, racismo, amor e morte, violencia extrema e ás veces gratuíta, desexo... Xunto con Salman Rushdie ou Arundhati Roy, Amitav Ghosh é unha das voces sobresaíentes da literatura india en lingua inglesa.

GRUPO B